



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

*Avenida de Castelao, 20, baixo
15.704 Santiago de Compostela
Tfno e fax: 981-570099
Correo-e: adega@adega.gal
Páxina electrónica: www.adega.gal*

ALEGACIÓNS AO PLANO HIDROLÓXICO DA DEMARCACIÓN DE GALIZA-COSTA (PHGC ciclo 2021-2027)

Fins Eirexas Santamaría, con DI XXXXXXXX-X, secretario técnico de ADEGA, (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza), con domicilio a efectos de notificación na Avenida de Castelao, 20, baixo, 15704 Santiago de Compostela, en representación desta entidade, apresenta ao PLANO HIDROLÓXICO DA DEMARCACIÓN DE GALIZA-COSTA (en diante PHGC), para o ciclo 2021-2027 as seguintes,

ALEGACIÓNS

1. Encol da planificación hidrolóxica no marco da mudanza climática

No actual contecto de mudanza climática, a proposta de documento de planificación, debería ter en conta non só os principios e determinacións contidas na Directiva Marco da Auga (en diante DMA), senón considerar tamén o recollido nos compromisos internacionais subscritos polo Estado español no marco dos acordos climáticos internacionais e europeos, así como nos planos estratéxicos aprobados a tal efecto. Xa que logo, propoñemos que a presente revisión do PHGC incorpore, alén dos dous planos dependentes (o de Seca e o de Risco de enchentes) un Plano de Resiliencia Climática para todas as masas de auga atinxidas polo PHGC. Trátase de incardinar as iniciativas xestionadas como “medidas” no correspondente Anexo (XII) e as consideracións expostas no Anexo XVI (Riscos asociados ao cambio climático e adaptación) nun único programa que integre para as distintas bacías e previa diagnose, actuacións de renaturalización e recuperación dos ecosistemas húmidos, fomento da continuidade fluvial e eliminación de obstáculos, e de restauración hidrolóxico-forestal. Nese Plano de Resiliencia e logo dunha diagnose conxunta, estableceranse uns obxectivos de adaptación en consonancia co Plano Nacional de Adaptación ao Cambio Climático (PNACC) para o período 2021-2030 e a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 (EGCCE) que permitan preparar e reparar as capacidades dos ecosistemas acuáticos para soportar e amortecer os impactos da mudanza climática, e deste xeito garantir o mantemento dos servizos ecosistémicos que prestan.

2. Encol da orde de preferenza dos usos e aproveitamentos:

2.1. Os usos e aproveitamentos da auga basearanse nos principios establecidos na DMA, en especial o de “non deterioración”, considerando a auga e os humidais como un activo ecosocial, e a respecto dos usos consuntivos, nos de xestión da demanda e recuperación de custos. En consecuencia deberán establecerse dotacións de recurso de referencia, atendendo a criterios de dispoñibilidade, eficiencia e racionalidade no uso, en consonancia cos obxectivos ambientais de non deterioración e recuperación do bo estado ecolóxico. En todo caso as dotacións de referencia serán aquelas que garantan a satisfacción das necesidades básicas das persoas, non superando os 150 l/hab e día para usos domésticos urbanos, ou as que deriven da aplicación das mellores tecnoloxías dispoñíbeis no referido aos usos agrogandeiro e industrial. A este respecto, non se autorizarán concesións, captacións de recurso, verteduras ou calisquer outro uso que supere as dotacións de referencia ou poida causar efectos negativos no medio fluvial.

2.2. A orde de preferenza de usos proposta no documento de revisión do PHGC para o periodo 2021-2017 inclúe como segunda prioridade, despois do abastecemento, os denominados “Usos para transición xusta, previstos na disposición adicional décimo sexta do Texto refundido da lei de augas”. Esta disposición adicional 16ª refírese ao outorgamento de novas concesións (hidroeléctricas) logo de extinguidas as predecesoras, para compensar o peche de centrais térmicas e nucleares, e que estes usos prevalecerán sobre os fixados nos planos de bacía, agás o de abastecemento.

Dende ADEGA entendemos que estes “usos para a transición xusta” non son máis que usos industriais hidroeléctricos (5º na xerarquía) aos que se lles pretende dar preferenza sobre os usos agropecuarios e mesmo ambientais. Deste xeito subvírtese artificialmente a orde de preferenza para permitir ás eléctricas antepoñer os seus intereses aos xerais e aos propios principios establecidos na propia Directiva Marco da Auga, por canto o alongamento da presión hidroeléctrica sobre as bacías dos aproveitamentos caducados colisiona co principio “non deterioración”. Considerando que a Xunta de Galiza ten competencias plenas en planificación hidrolóxica nas bacías intraautonómicas, e tendo en conta que as nosas redes fluviaais soportaron xa durante decenios (por veces séculos) os impactos derivados dos aproveitamentos hidroeléctricos, e considerando que a contribución enerxética dos nosos ríos ao conxunto do Estado ten sido moi superior que a doutros territorios, a prioridade destes “usos para a transición xusta” debería ser inferior á dos usos ambientais e mesmo á dos usos agrogadeiros, equiparándose así aos usos industriais do epígrafe e) do artigo 8 do texto normativo.

3. Encol dos criterios de concesión de aproveitamentos hidroeléctricos:

3.1. Malia a que nesta revisión do PHGC mantense a prohibición de outorgar novas concesións hidroeléctricas que supoñan a implantación de obstáculos transversais nas canles, no artigo 44 do documento normativo recóllense algunhas excepcións a esta norma no senso de que “serán obxecto de valoración aquelas solicitudes de modificación de concesións hidroeléctricas vixentes que impliquen a repotenciación e/ou modernización e mellora das infraestruturas xa existentes”. Neste senso, unha práctica habitual das concesionarias de aproveitamentos é precisamente a “modernización” ou “repotenciamiento” de concesións próximas a caducar, como excusa para prolongar espuremento o prazo concesional. Malia a non supoñer a construción de máis obstáculos transversais nin modificar a capacidade dos vasos, estes procedementos moi frecuentemente precisan de importantes obras que causan graves alteracións nas canles, bosques de ribeira, paisaxes, incremento da erosión e arrastres, alén de requirir o baleirado temporal das

infraestruturas de almacenamento. O aumento dos caudais turbinados, por veces máis do triplo, contribúe tamén a agravar de xeito permanente o estrés hídrico da bacía.

Dende ADEGA propoñemos limitar a autorización das “modernizacións” ou “repotenciamentos” dos aproveitamentos hidroeléctricos a aqueles proxectos que non superen nun 50% a potencia orixinalmente autorizada, nun 20% o caudal máximo concedido inicialmente e sempre sen alongar o prazo concesional.

3.2. Mención especial requiren as denominadas “centrais reversíbeis” ou de bombeo. Estas infraestruturas que conectan dous encoros xa existentes mediante centrais de turbinación/bombeo pretenden acumular a electricidade producida e non colocada no mercado por fontes intermitentes como a eólica, ou de difícil regulación como a nuclear. Precisan de importantes obras públicas durante a súa execución e contribúen a alongar os impactos das infraestruturas xa existentes sobre as bacías fluviais e os ecosistemas circundantes. No documento do PNIEC (“Plan Nacional Integrado de Energía y Clima 2021-2030”) recóllese que “os bombeos hidráulicos terán que cumprir o disposto no plano hidrolóxico e en todo caso situaranse fóra da Rede Natura 2000 e/ou espazos protexidos, por canto son proxectos con impactos moi importantes como modificacións morfolóxicas de canles e ribeiras, así como perda de biodiversidade.”

Dende ADEGA propoñemos que estas infraestruturas non poidan desenvolverse dentro dos espazos que conforman a Rede Natura 2000, nin afectar ás zonas protexidas.

3.3. Polo que atinxe ás concesións hidroeléctricas caducadas ou a piques de caducar, a administración debería iniciar os correspondentes expedientes de extinción no mesmo ano do que acontecen, resolvéndoo no prazo máximo que fixa a normativa.

3.4. E con carácter xeral e para as novas concesións e prórrogas das existentes (captacións agrícolas, industriais e urbanas, aproveitamentos acuícolas, etc.) a administración hidráulica establecerá un procedemento de autorización en base a créditos, de xeito que cando aconteza un número determinado de incumprimentos ou non conformidades coas condicións concesionais que esgote ditos créditos, resultará na súa caducidade e iniciárase o correspondente procedemento de extinción da concesión.

3.5. Todas as concesións deberán axustarse periódicamente aos avances científicos, adaptándose ás melloras técnicas posibles, sen xerar dereito algún a indemnización polo cumprimento desta obriga. Asemade, tanto as actuais como as futuras concesións deberán garantir mediante avais financeiros o cumprimento das obrigas de reposición do dominio público que conleve a extinción da concesión.

4. Encol das masas de auga

4.1. A proposta da nova rede de masas de auga aumentouse con respecto ao anterior ciclo en 19 masas de auga, un número moi baixo se consideramos a cantidade de ríos que hai en Galiza-Costa, ríos que de non incluírse dentro da rede das masas de auga, quedan totalmente expostos pois non contan cunha rede de control de calidade, nin proposta dun réxime de caudais ecolóxicos, entre outros. Polo tanto, propoñemos que se amplíe a rede de masas de auga de categoría ríos, adecuándoo á realidade de Galicia, delimitando coma entidade de masa de auga a lo menos, a Rede de ríos da cartografía dixital a escala 1:25.000.

4.2. En canto os encoros, existen máis dos considerados coma masa de auga. Algúns deles pequenos utilizados coma abastecemento, uso que pode chegar en épocas de seca, a considerarse en supremacía de uso, por enriba dos requirimentos hídricos para o ecosistema fluvial - caudais ecolóxicos- e que, se ben ten a súa regulación ocasionan unha serie de consecuencias negativas no medio fluvial, estas non son tan amplas coma as producidas por encoros con outros usos tales como a rega ou hidroeléctrico. En Galiza-Costa existen moitos máis dos que os que están representados coma masa de auga e que son explotados por empresas hidroeléctricas e portanto, supoñen tamén un impacto. O réxime do río é a "variable mestra" que moldea a estrutura e composición do resto de elementos do ecosistema fluvial, e inflúe sobre os factores bióticos e abióticos do mesmo, e portanto regulalo ó antollo deste tipo de encoros, produce graves consecuencias sobre os factores anteriormente citados.

Propoñemos incorporar os encoros contemplados na web do INEGA¹, que se ben son de toda Galiza, moitos están na demarcación de Galiza-Costa, algúns xa dentro da rede de masas de auga de tipoloxía "lago", pero outros non, e deberían. Cando menos menos, deberíase definir para eles un réxime de caudais ecolóxicos.

5. Encol dos caudais ecolóxicos:

5.1. Réxime de caudais ecolóxicos proposto: A lei máis actual en canto os caudais ecolóxicos atópase no Decreto 638/2016, do 9 de decembro, polo que se modifica o Regulamento do Dominio Público Hidráulico aprobado polo Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, o Regulamento de Planificación Hidrolóxica, aprobado polo Real Decreto 907/2007, do 6 de xullo, e outros regulamentos en materia de xestión de riscos de inundación, caudais ecolóxicos, reservas hidrolóxicas e vertidos de augas residuais, e define a finalidade dos mesmos, indicando que o establecemento do réxime de caudais ecolóxicos ten a finalidade de contribuír á conservación ou recuperación do medio natural e manter como mínimo a vida piscícola que, de maneira natural, habite ou puidese habitar no río, así como a súa vexetación de ribeira e a alcanzar o bo estado ou bo potencial ecolóxicos nas masas de auga, así como a evitar o seu deterioro. Así mesmo, o caudal ecolóxico deberá ser suficiente para evitar que por razóns cuantitativas se poña en risco a supervivencia da fauna piscícola e a vexetación de ribeira.

Se ben, no artigo 13 da normativa que se pretende aprobar, defínese como "aquele caudal que contribúe á conservación ou recuperación do medio natural e que mantén como mínimo a vida piscícola que de maneira natural habitaría ou puidese habitar no río, así como a súa vexetación de ribeira". Mais é na Orde ARM/2656/2008, do 10 de setembro, pola que se aproba a Instrución de Planificación Hidrolóxica (IPH) documento referencia do proceso de planificación hidrolóxica, e que concreta as pautas e a metodoloxía a seguir durante o procedemento de cálculo do caudal ecolóxico, detallando claramente as compoñentes do réxime de caudais ecolóxicos que hai que definir:

- a) Caudais mínimos que deben ser superados, con obxecto de manter a diversidade espacial do hábitat e a súa conectividade, de forma que se favoreza o mantemento das comunidades autóctonas,
- b) Caudais máximos que non deben ser superados na xestión ordinaria das infraestruturas,
- c) Distribución temporal dos anteriores caudais mínimos e máximos, co obxectivo de establecer unha variabilidade temporal do réxime, compatible cos requirimentos dos diferentes estadios vitais de fauna e flora,

¹ http://www.inega.gal/sites/default/descargas/enerxia_galicia/centrais_minihidraulicas.pdf e http://www.inega.gal/sites/default/descargas/enerxia_galicia/centrais_grande_hidraulica.pdf

d) Caudais de crecida, con obxecto de controlar a presenza e abundancia das diferentes especies, manter as condicións físico-químicas da auga e do sedimento, mellorar as condicións e dispoñibilidade do hábitat a través da dinámica xeomorfolóxica,

e) Tasa de cambio, con obxecto de evitar os efectos negativos dunha variación brusca dos caudais, e que contribúa a manter unhas condicións favorables á rexeneración de especies vexetais acuáticas e ribeiregas.

Parte destas compoñentes recóllense no artigo 14 do borrador do documento normativo deste Plan Hidrolóxico que se quere aprobar: caudais mínimos, caudais máximos, caudais xeradores do leito e tasas de cambio.

Os requisitos desta normativa a nivel estatal son moi amplos, entre eles se fala de cómo estudar os caudais ecolóxicos en lagos. Pero neste estudio, en dúas masas de auga de tipoloxía lago, non se fixo estudos neste senso. Son lagos artificiais, si, pero son lagos, e como tal teñen unha grande aportación subterránea, que non se precisou nos estudos realizados.

En canto as compoñentes dos caudais, os traballos descritos na memoria do borrador, enfocáronse a determinar o réxime de caudais mínimos dun total de 434 masas de auga, cunha boa distribución intraanual (mensual), pero ignorando a distribución interanual, xa que se propuxeron só caudais xeradores en 25 masas de auga. Se ben é certo que este tipo de propostas se deben de facer nas infraestructuras de regulación, apoiase de novo a proposta de facelo en encoros que non son masa de auga (coma se fixo no anterior ciclo no Baíña -encoro de Baiona-), e que poden axudar ó resto das masas de auga de augas abaixo a ter unha mobilización do sustrato, e ademáis, sería positivo contemplar outros caudais de crecidas con períodos de retorno maiores, para a proposta dun réxime interanual, que son os que rexen os ciclos de vida máis longos do ecosistema fluvial, tales como as árbores ribeiregas, obxectivo tamén destes caudais, tal e como se amosa na definición anteriormente feita.

No borrador do texto normativo deste Plan, no artigo 14 recóllese de bó xeito que “Nas canles que pola súa dimensión reducida non foron designadas como masas de auga e que non se atopan conectados con ningunha masa de auga da categoría río, en especial pequenas canles que verten ao mar ou ás augas de transición, o cálculo do caudal mínimo ecolóxico realizarase por proporcionalidade de concas vertentes tomando como referencia a masa de auga asociada, a cal pode ser consultada na capa concas do sistema de información IDE-DHG”. Neste senso se poderían incluírse aquí tamén os embalses que non son masas de auga, non só para o cálculo dos caudais mínimos, senón tamén o resto das compoñentes do réxime de caudais ecolóxicos.

A continuación achéganse unha serie de comentarios á metodoloxía utilizada nos estudos de caudais mínimos:

Métodos hidrolóxicos: Non está actualizada a información de base, utilizáronse datos do SIMPA, correspondentes a un período de 67 anos (1940-2006), pero existe un modelo SIMPA actualizado 1940/41 a 2017/18 , modificado e mellorado en moitos aspectos. O estudo dos caudais ecolóxicos para un horizonte 2021-2027 deberían de abordarse coas series máis actuais, e máis, considerando que os caudais mínimos se basean na serie corta (a partir do 1980), o que significa menos anos de estudos hidrolóxicos, e unha menor potencia estatística.

Métodos hidrobiolóxicos: a base destes métodos son as curvas de idoneidade de hábitat, funcións matemáticas que tentan describir como unha especie e talla selecciona distintos tipos de hábitats, a súa probabilidade de presenza ou a súa densidade en distintos hábitats. Polo tanto, o uso de curvas de idoneidade precisas considéranse coma a restrición máis importante para o uso válido da metodoloxía hidrobiolóxica, xa que existen diversas fontes potenciais de erros asociados coa construción das curvas e a súa aplicación. Polo tanto, consideramos importante tratar aquí as curvas de idoneidade utilizadas nos estudos en 91 tramos de estudo presentados no 2013 (un número moi interesante de tramos de estudo), xa que son a base para a extrapolación dos caudais ecolóxicos ó resto de Galicia-Costa.

Se ben, e tal como se explica na páxina 12 dese documento, traballouse con curvas de idoneidade para especies como a vermelliña, lamprea e as alosas, e son curvas de idoneidade máis actuais (2008-2009), tan só as curvas das *Alosa spp.* e da lamprea se fixeron en treitos de Galiza, xa que outras son de outras partes da Península e mesmo as curvas de idoneidade do salmón, anguía e dalgún estadio da troita son doutros países (por exemplo: Francia), ou mesmo bibliográficas. Estas últimas son curvas de hai moitos anos, que se deberían de actualizar (en anos anteriores as metodoloxías eran diferentes ás actuais, e poden ser curvas de idoneidade con grandes sesgos e imprecisas). Ademais, deberíanse de facer en tramos de Galiza-Costa, xa que ao ser curvas de idoneidade que consideran o uso do hábitat, é fundamental que se considere o hábitat de onde van a ser traballadas, ou a lo menos, de tramos de iguais características (idéntica orde de Strahler, caudal... etc., características moitas veces descoñecidas nestas curvas antigas e/ou de autores estranxeiros). E, finalmente, e tal e como o indica a norma no apartado 3.4.1.4.1.1.2.1. Selección de tramos e especies, deberíanse de considerar especies autóctonas e en perigo, como pode ser o espiñento (*Gasterosteus aculeatus*): A selección das especies deberase basear na consideración de especies autóctonas, dando prioridade ás especies recollidas nos Catálogos de Especies Ameazadas dentro das categorías de En Perigo de Extinción, Vulnerables, Sensibles á Alteración do seu Hábitat e De Interese Especial, así como ás especies recollidas nos anexos II e IV da Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992.

5.2. En canto as cantidades propostas en no réxime de caudais mínimos para este ciclo de planificación, hai casos de masas de augas con cantidades menores ós do ciclo anterior (véxase as masas de auga Encoro Barrie de la Maza, Encoro da Fervenza ou Encoro da Ribeira), algo que non debería de ocorrer, xa que os amplos estudos técnicos leváronse acabo no anterior ciclo, e, se as series SIMPA non se modificaron, ten que ser un erro de cálculo. De non selo, sería inadmisíbel este cambio de cifras, á baixa. Por outro lado, desapareceu a proposta dun réxime de caudais ecolóxicos en Baíña -encoro de Baiona- no que se indicaba que non era masa de auga; algo tamén que, de non ser un error, é inadmisíbel que non se recolla neste documento normativo se xa se recolleu no anterior.

Finalmente, é importante comentar nestas achegas que se propón un Réxime de caudais mínimos en situación de seca para tódalas masas de auga, pero tal e como se recolle no Artigo 18.4 do Real Decreto 907/2007, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Planificación Hidrolóxica: En caso de secas prolongadas poderá aplicarse un réxime de caudais menos esixente sempre que se cumpran as condicións que establece o artigo 38 sobre deterioración temporal do estado das masas de auga. Esta excepción non se aplicará nas zonas incluídas na rede Natura 2000 ou na Lista de humidais de importancia internacional de acordo co Convenio de Ramsar, do 2 de febreiro de 1971. Polo tanto, debería de se facer unha revisión das masas de auga que caen en Rede Natura, ou con conexións cós "humidais Ramsar" e eliminalas do listado de réxime de caudais en periodos de seca, así como os valores propostos.

5.3. Caudais ecolóxicos en Rede Natura: Galiza ten entre as súas competencias, ademais da competencia na planificación hidrolóxica de gran parte do ámbito do seu territorio, a planificación e xestión dos espazos naturais protexidos, conforme o artigo 149.3 da Constitución e segundo o Estatuto de Autonomía.

A atribución das competencias en materia de planificación e xestión dos espazos naturais protexidos obriga á Galicia a garantir o mantemento ou, no seu caso, o restablecemento, dun estado de conservación favorable, dos tipos de hábitats naturais e dos hábitats das especies na súa área de distribución natural conforme á lexislación da rede Natura 2000.

Para garantir o estado de conservación favorable dos hábitats naturais e das especies na súa área de distribución natural configurouse a obriga das Comunidades Autónomas de establecer os

obxectivos de conservación en todos os lugares da rede Natura 2000 conforme ao artigo 46.1.a de a Lei 42/2007.

Cando os lugares da rede Natura 2000 alberguen hábitats naturais e especies con necesidades de auga os plans de xestión que elaboren as Comunidades Autónomas deben fixar os obxectivos de conservación para os mesmos, así como as medidas de conservación necesarias para alcanzalos, incluída a fixación dun réxime de caudais ecolóxicos adecuado en contía e estacionalidade (caudais mínimos e máximos e a súa distribución temporal, caudais xeradores e taxas de cambio) que se consideran necesarios como medida para cumprir os obxectivos de conservación, e en todo caso, contribuír ao mantemento ou restablecemento do estado de conservación favorable dos devanditos hábitats e especies neses espazos.

A concreción autonómica dos obxectivos de conservación dos lugares da rede Natura 2000 en materia de auga deberá ser trasladada á Administración con competencias na planificación e xestión da auga para que a tome en consideración ao establecer os obxectivos ambientais hídricos nos espazos protexidos conforme o establecido no artigo 92 bis.1. c do Real Decreto Legislativo 1/2001 e artigo 26.1 da Lei 20/2001.

Por iso, a Administración debería adoptar todas as medidas xerais e particulares necesarias con obxecto de fixar os rangos de necesidades hídricas dos espazos naturais protexidos e se reflectan neste Plan Hidrolóxico de Bacía. De non ser posible, solicítase que se fixe unha contía necesaria e axeitada no Plan de Medidas deste Plan para este tipo de estudos e para unha proposta de caudais ecolóxicos nun futuro inmediato.

5.4. Despois de revisar os apartados correspondentes aos caudais ecolóxicos no borrador da memoria no apartado de “2.2. Solucións aos problemas importantes 2.2.1. 1-Caudais ecolóxicos”, atopamos 9 puntos dos que se comentan son resumo das “decisións que constitúen a base para configurar o Programa de medidas do PHGC 2021-2027, que debe recoller, de forma clara e con financiamento asociado, e que deberán ser implementadas durante o terceiro ciclo de planificación co obxecto de cumprir con criterios de sustentabilidade e ambientais en relación aos caudais ecolóxicos”. Con respecto a eses 9 puntos listados embaixo non se atopou ningunha referencia no programa de medidas:

- Avance no coñecemento e control do cumprimento do réxime de caudais implantados nas masas de auga da categoría ríos.
- Avance nos estudos necesarios para o adecuado desenvolvemento do proceso de seguimento adaptativo dos caudais (estudos que avalíen comunidades de ictiofauna e bosque de ribeira, relación de caudais ecolóxicos das masas superficiais coas masas de auga subterráneas, necesidades especiais de especies protexidas...).
- Impulso dos primeiros pasos na determinación dos caudais ecolóxicos das 22 masas de auga de transición da Demarcación.
- Determinación dos requirimentos hídricos nas augas subterráneas e nas zonas húmidas da Demarcación.
- Previsión da repercusión do cambio climático nos recursos hídricos e no réxime de caudais ecolóxicos.
- Cooperación e coordinación cos municipios para asegurar a compatibilidade entre a satisfacción das demandas e o cumprimento do réxime de caudais ecolóxicos para garantir o cumprimento dos OMAs establecidos
- Fomento das labores de información e concienciación da poboación.
- Adaptación, nos casos xustificadas, do réxime de caudais ecolóxicos para asegurar o logro dos OMAs establecidos para as masas de auga da Demarcación.
- Revisión e adecuación da normativa do PHGC e do réxime normativo, tendo en conta a xurisprudencia existente.

É portanto fundamental reflectir no APÉNDICE 14: PROGRAMA DE MEDIDAS 2021-2027 os orzamentos axeitados para dar resposta a estas decisións.

6. Encol das zonas húmidas protexidas e das medidas protección:

6.1. A respecto das propostas des Reservas Naturais Fluviais e de zonas de protección especial, ambas resultan manifestamente insuficientes. Dende ADEGA propoñemos incorporar como humidais protexidos neste PHGC 2021-2027 a aqueles espazos listados no “Inventario dos Humidais de Galiza” (Ramil & Izco, 2003) e que se sitúan dentro do territorio atinxido pola demarcación Galiza-Costa. Trátase de 635 humidais (considerando a definición da Convención Ramsar) dos 1131 listados no Inventario para todo o país.

Tanto as reservas naturais fluviais como os humidais protexidos xestionariáanse cos mesmos criterios que os espazos integrados na Rede Natura 2000, através de planos de Conservación e dun Plano Director, respectivamente.

6.2. A respecto dos aproveitamentos forestais con especies como o eucalipto ou coníferas incluídas no Anexo I da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galiza, a prohibición do seu apto aproveitamento debería estenderse alén da zona de servidume, a toda a zona de policía do conxunto as canles que conforman a Rede Hidrográfica Básica. Chamamos a atención sobre a sorprendente prohibición da plantación de teixos (*Taxus baccata* L.) recollida no punto 4 do artigo 23 (documento normativo) referido ás reservas hidrolóxicas.

7. Encol da participación cidadá, educación ambiental e custodia do territorio

7.1 O PHGC 2021-2027 debera contar cun Plano de Educación Ambiental (en diante EA) que vise promoción e divulgación do uso sustentábel do recurso a nivel doméstico, industrial e agrogandeiro, priorizando a redución no consumo de auga e a prevención da contaminación, e atendendo ás recomendacións na Estratexia Galega de Educación Ambiental (EGEA) para atinxir unha nova cultura da auga.

7.2 O PHGC debera incluír tamén un Programa de Voluntariado Ambiental e promoción da Custodia do Territorio en masas de auga, para favorecer a participación activa da cidadanía e colectivos sociais na conservación e mellora dos ecosistemas fluviais.

Por todo o anteriormente exposto, ADEGA SOLICITA que se teñan en conta as alegacións apresentadas na proposta definitiva do PLANO HIDROLÓXICO DA DEMARCACIÓN DE GALIZA-COSTA (PHGC 2021-2027).

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2021

Asdo. dixitalmente Fins Eirexas, secretario técnico de ADEGA

**PRESIDENCIA DE AUGAS DE GALICIA
CONSELLARÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**